

2. SEIS ANOS SEN DEREITOS



Por mor da suposta loita contra o terrorismo, Estados Unidos detivo nos últimos anos a 70.000 persoas sen acusacións nin xuízos. Delas, unhas 800 pasaron pola cadea-base de **Guantánamo**, e moitas levan en celas de illamento xa seis anos enteiros.

4. A TERRA INVENDÍBEL



A Rede Galiza Non Se Vende convocou unha mobilización nacional en Compostela para o vindeiro 17 de febreiro [páx 11]. Xan Duro, coordinador xeral de Verdegaia, fala da xestación deste nutrido movemento autoorganizado que reivindica **Terra viva e vida digna para tod@s**.

6. AS CIDADES DO CONSUMO

Sen pisar a rúa, familias enteiras pasan do aparcadoiro da casa ao do centro comercial. Unha vez alí pasean, miran, mercan e pasan mañás e tardes sen saír destes espazos pechados. Son as **catedrais do consumo**.



Altermundo

númERO 9

SUPLEMENTO HORIZONTAL

ALTERMUNDO PÚBLICASE EN GALICIA HOXE O DERRADEIRO DOMINGO DE CADA MES

GALICIA HOXE
DOMINGO, 27
XANEIRO 2008

O CURA GUERRILLEIRO

O relixioso e internacionalista vigués Fernando Hoyos rematou collendo as armas contra a ditadura que esganou Guatemala durante dúas décadas. Alí deixou a vida.

Entre 1966 e 1982 Guatemala viviu unha das ditaduras máis crueis que se lembran no continente americano. O poder da oligarquía, a dura represión militar e a intervención dos Estados Unidos obrigou a milleiros de indíxenas a se agochar nas selvas. A carón da poboación masacrada combateron sindicalistas, estudantes e cristiáns de base, que tiveron que coller as armas para engrosar unha guerrilla de 6.000 almas. Alí deixou a vida Fernando Hoyos. O seu compañeiro Enrique Corral, que estivo na negociación dos Acordos de Paz, loita agora por dignificar a memoria daquelas almas xustas e polo desenvolvemento dos guerrilleiros desmobilizados. Ninguén mellor para coñecermos máis do pequeno país centroamericano. **Páxinas 6 e 7**



O vigués **Fernando Hoyos** cando integraba o Exército Guerrilleiro dos Pobres en Guatemala



ENRIQUE CORRAL Delegado de URNG para os Acordos de Paz de Guatemala, ex-guerrilleiro

"Houbo un divorcio entre a forza política e a base social indíxena que sustentou a guerrilla"

Este guatemalteco foi compañeiro de estudos e de militancia de **Fernando Hoyos**, un xesuíta vigués, internacionalista de mente e espírito, que chegou a Guatemala a comezos dos anos '70 implicándose na solidariedade cun pobo privado de dereitos, masacrado polo Exército en medio dunha pobreza e desigualdade extremas. Morreu nun enfrontamento armado en 1982 e o seu corpo nunca apareceu.

PERFIL

Fundador e Director Xeral da **Fundación Guillermo Toriello**. Participou na negociación e nas comisións dos Acordos de Paz despois da guerra. Foi Delegado de URNG -a organización unitaria da guerrilla desmobilizada- ao Consello Nacional de Acordos de Paz, entidade integrada polas representacións da sociedade civil, partidos, asinantes dos Acordos e entidades do poder lexislativo, executivo e xudicial. Coordinador do Traballo de Rexistro, Busca, Exhumación e dignificación da Memoria dos excombatentes da guerra en Guatemala (1966-1982).

O día da conversa, Álvaro Colom, da Unidad Nacional de la Esperanza -UNE- derrotaba na segunda volta das presidenciais ao xeneral retirado Otto Pérez, do Partido Patriota -PP.

Cambiarán as cousas con Colom?

Moi pouco, porque finalmente o programa que presentou Colom leva a mesma estratexia para o desenvolvemento nacional ca antes. Terá un chisco máis de marxe de negociación en políticas sociais e de desenvolvemento, pero non temos demasiadas ilusións de cambio.

É dicir, que no eido global, cos TLC por exemplo, todo vai seguir na mesma.

Colom de primeiras dixo que non quería tratados de libre comercio, pero despois asinou o TLC e isto foi clave para que se aprobara no Congreso. En política rexional e de desenvolvemento, a dos megaproectos -alianzas con transnacionais e capitais estadounidenses, españois, canadenses, etc.-, non vai cambiar nada.

Estados Unidos en Centroamérica consegue aínda asinar eses TLC, cousa que non concorda co que acontece na meirande parte do continente.

Os da oligarquía remozada tradicional son os seus aliados indiscutíbeis en toda Centroamérica. En Costa Rica hai un chisco máis

"FERNANDO HOYOS FOI DURANTE TODA A SÚA HISTORIA A PASIÓN, A MORTE E AS ESPERANZAS DOS OPRIMIDOS DE GUATEMALA E DO CONTINENTE. A SÚA FIGURA SINTETIZA AS CARACTERÍSTICAS DA HISTORIA DO PAÍS, ESA COMBINACIÓN DE LOITA DE CRISTIANOS COMPROMETIDOS, DE INDÍXENAS, DOS POBRES DA TERRA E DA LOITA GUERRILLEIRA POLÍTICO-MILITAR"



ALTERMUNDO

de autonomía, pero o que é a dereita nicaraguense, ARENA -Alianza Republicana Nacionalista- no Salvador, a dereita guatemalteca... só miran a Estados Unidos -EUA-, e de esguello a outros lugares para abrir máis posibilidades.

Non se nota a influencia de Venezuela, de Bolivia ou de Brasil?

Centroamérica é a segunda fronteira dos EUA, con México de por medio. EUA ten moito peso dende todos os puntos de vista, cultural, infomático, etc., e dos fillos da oligarquía que viven en Miami, á parte do peso económico da emigración nos últimos 25 anos, na que Colom ten moita influencia. En Guatemala houbo unha contrarrevolución dos gringos, que quixeron selar "outras alternativas" e polarizouse de máis a situación. Tivo que mediar unha guerra para irmos crebando ese poder oligárquico, militar e estadounidense, pero esa alianza cos EUA consolidouse moito.

Guatemala, de feito, foi dos primeiros lugares onde houbo unha intervención dos Estados Unidos para rematar co goberno de Árbenz en 1954.

Foi unha intervención directa que marcou a historia posterior e a radicalizou, incluso máis que en Nicaragua e no Salvador. O exército asesorouse das experiencias contrainsurxentes do mundo, das

que fixo a súa escola, e representou un eixe político que substituíu a todos os partidos. Até que se foi crebando o exército e até que os gringos lle foron quitando aos poucos apoio á oligarquía, que era impresentábel no eido dos dereitos humanos, a forza política hexemónica foi o exército. Até o punto de que na reforma constitucional logo da contrarrevolución, todo o que non fora alianza co exército e a oligarquía era comunismo e polo tanto anticonstitucional e suxeito de calquera tipo de represión. Foi un proceso máis cruento que no resto de Centroamérica.

E despois da guerra chegan os Acordos de Paz. Que pasou?

A guerra crebou parte da estrutura hexemónica do exército, pero non tivo o éxito por exemplo dos sandinistas en Nicaragua. Porén, si creou ese espazo de negociación que foron os Acordos, que podían xa xerar máis de autonomía e desenvolvemento interno. Mais a eiva estaba na concepción destes, moi envorcados cara a socialdemocracia europea, que respaldou todo ese proceso cunha intencionalidade clara de obter influencias. Pero ao cabo, os Acordos de Paz teñen un selo da dereita e da oligarquía. Non implementaron os temas estruturais e os máis substantivos. Non se transformou, nin se acadou un equilibrio coma no Salvador, onde o FMLN fai certo equilibrio a ARENA.

Serviron entón de algo eses Acordos?

En dereitos cidadáns avanzouse bastante. O feito de que agora exista unha pluralidade democrática -relativa- no Congreso, nas Alcaldías, etc. é unha conquista, unha conquista de moitísimos anos, que costou unha guerra. Hoxe xa se fala dunha nación multiétnica, malia que se perdera un referendo para ratificalo.

No país existe un respecto cara os dereitos deses pobos indíxenas?

Avánzase algo. A partir do conflito, ou do Nobel de Rigoberta Menchú, hai un certo avance en visibilizar aos pobos indíxenas, a partir sobre todo dos Acordos de Identidade e Dereitos dos Pobos Indíxenas e das Comisións creadas a partir da sinatura de Guatemala do convenio 169 da OIT. Eses dereitos van entrando na axenda nacional. Ora ben, aínda non hai unha estrutura política que reflecta iso. Pero cando menos xa se fala dun país multiétnico e hai un chisco de educación bilingüe.

Pero o apoio a opcións como a de Rigoberta Menchú é aínda moi escaso

Hai varias lecturas diso. Primeiro, Rigoberta, despois de 1992, cando recibiu o Nobel, ten traballado moito máis fóra, tivo máis pulo no estranxeiro. A partir do premio, que foi froito da loita guerrilleira, social e da solidariedade internacional, ela representou aos pobos indíxenas do



Fundación Guillermo Toriello. Creouse nos Acordos de Paz de 1996 para a reinserción dos guerrilleiros da URNG á vida legal. Promove a participación e o exercicio de cidadanía, especialmente das mulleres e dos Pobos Indíxenas de Guatemala; desenvolve proxectos para mellorar a calidade de vida da poboación con programas de desenvolvemento local, vivenda, acceso á terra, etc. Ten a responsabilidade de busca, localización, exhumación e dignificación da memoria dos caídos no conflito.

•INFO: www.fgtoriello.org.gt



COLLERMOS AS ARMAS FOI A ÚNICA OPCIÓN, POIS A VÍA POLÍTICA FORA EXTERMINADA



Fernando Hoyos

continente. Fixo traballo internacional, pero non atopou as claves para posicionarse dentro do país, nin sequera co seu propio pobo, o dos quiché. En Uspantán, onde naceu, gañou o FRG – Frente Republicano Guatemalteco –, o partido dun xenocida. En segundo lugar, ela situouse ambigüamente. Estivo traballando con este goberno e xoga tamén a empresaria, con aliados mexicanos que instalaron unha rede de farmacias en Guatemala.

A vosa formación, o MAIZ –Movimiento Amplio de Izquierda–, plataforma impulsada dende a URNG –Unidad Revolucionaria Nacional Guatemalteca–, tampouco logrou a forza suficiente.

Non conseguimos facer fronte común con Rigoberta, que tendeu máis ao centro e que non ten detrás ese movemento social e indíxena que ten Evo Morales. Tamén hai razóns internas na propia esquerda. Porque en Guatemala, logo de ter un movemento que fixo abanear un réxime moi duro, non houbo un éxito da esquerda? Houbo problemas internos que foron debilitando á esquerda e que evitaron que se unira á corrente latinoamericana.

Se cadra, os herdeiros da guerrilla non cumpriron as expectativas do pobo?

A expectativa que se creou nos pobos indíxenas, de que coa loita armada ían darlle unha volta á historia do país e ao poder non foi exitosa. Tampouco fomos derrotados porque finalmente houbo que chegar a unha negociación, que foi tamén o noso proceso de desmobilización como guerrilla. Para un país pequeno como Guatemala, unha guerrilla con 6.000 membros –3.000 armados– ben estruturada non era pouca cousa. Non foi derrotada nin política nin militarmente, como din os militares, pero tampouco encheu as esperanzas de quen a apoiou. O URNG era o partido máis grande de Guatemala, cousa que non conservamos logo da sinatura da paz. A xente quedou frustrada, mais tamén aterrorizada porque o xenocidio, a terra arrasada, o desprazamento da poboación cara a México, ás montañas, por mor da represión deixou unha pegada moi fonda. Os resultados dos acordos de paz foron tamén unha frustración. E así, a URNG só conseguiu 100.000 votos, a penas un 3% da poboación.

Ao final as divisións que acontecen en todos os partidos.

Sí, pero tampouco fomos quen de afacer nos á transición logo de sermos guerrilla. Non nos adaptamos aos cambios do país coas migracións, cunha serie de fenóme-

nos novos. Houbo tamén un divorcio serio entre a aspiración de crear unha forza política para xogar no campo electoral e a base social que apoiou á URNG, mesmo a que foi parte activa da guerra, sindicatos, maestros, relixiosos. A base social non se expresa despois electoralmente.

Os movementos sociais cando se tentan levar á política parten en dous.

Así o sentimos. Apostamos a que o goberno, despois da sinatura dos Acordos, ía cumprir. Concentrámonos na loita política e na negociación e abandonamos os mecanismos de traballo coas forzas sociais. Confiamos nos cambios dende a política e deixamos de presionar socialmente. Ese foi o noso erro principal.

E cal é, globalmente, a situación de todas estas comunidades indíxenas que proceden da guerrilla?

Hai unhas 60 comunidades, as Comunidades en Resistencia, que retornaron de México, que “saíron ao claro”. Hainas tamén de desmobilizados. Hai éxitos, medio éxitos e fracasos. Un 30% van saíndo a flote, teñen un asentamento, terras, vivenda, algúns investimentos, asistencia. Pero o problema foi máis ca nada a asistencia técnica, os investimentos para a produción e as redes de comercio. Reasentáronse, é certo, pero están a emigrar aos Estados Unidos ou ás cidades. Non hai un proceso de desenvolvemento interno que asente á poboación. Algúns tiveron éxito, pero aí vemos a malicia do sistema. Tiveron que mercar a terra, pagáronlle ao Banrural –mediador co Fondo de Terras– e agora están hipotecados, endebedados. Tamén a cooperación internacional, da Unión Europea, fixo contraer débedas a poboacións vulnerábeis.

De cabeza ao o sistema neoliberal.

Totalmente. A reinserción da poboación fíxose sobre políticas neoliberais.

O TLC afastounos entón dos chamados Acordos de Paz?

O TLC en moitas cuestións é a negación dos Acordos de Paz. Asinouse no Congreso entre os grupos de poder, nunha soa semana. Pola contra, custou unha guerra asinar os Acordos. O poder quere tanto ou canto Estado como lles permita facer negociacións económicas legais. Agora, cando é para políticas sociais ou para reformas fiscais, aí si xa non hai Estado!

E iso a poboación percíbeo

Pouco. Hai zonas onde houbo referendos, en bastantes comunidades, sobre os me-



O TLC DE GUATEMALA, EN MOITOS ASPECTOS, É COMO A NEGACIÓN DOS ACORDOS DE PAZ

gaproxectos –hidroeléctricas, petroleras, explotacións mineiras, aeroportos, etc– que veñen ligados aos TLC. A xente si percibe que estes proxectos van danar a produción do millo, o seu medio ambiente, os seus pobos... por iso até agora todas as consultas dixeron non a este tipo de procesos, o que quere dicir non ao TLC, malia que non o digan así. Pero xeralmente son consultas por iniciativa dos municipios e non vinculantes.

E na política, non hai quen faga reclamacións en termos de soberanía?

Nas eleccións había 14 programas e só o do URNG era claro nese aspecto, que fa-

QUEREMOS RECUPERAR E DIGNIFICAR A MEMORIA HISTÓRICA DO NOSO CONFLITO



la de defender a autonomía, a toma de decisións propias e impulsar a alianza co ALBA e esas cousas. Venezuela si estivo a carón dos municipios de Guatemala, mesmo levando petróleo, pero só había un municipio que tiña un porto e a cousa non callou moito. A alianza non se puido concretar, como tampouco se puido concretar co movemento indíxena de Evo Morales. A dereita é aínda moi forte e máis ben usan iso para aterrorizar. ●

Altermundo.org

Pode ler en no portal de Altermundo a versión estendida desta conversa.

FERNANDO HOYOS foi durante toda a súa historia, especialmente nos últimos 10 anos, a pasión, a morte e as esperanzas dos oprimidos de Guatemala e do continente. O intre da súa caída é tamén un escenario onde se reflicte a crueza da contrainsurrección.

Como chega Fernando a Guatemala?

Como misioneiro xesuíta, como moitos de nós. Daquela non había outros mecanismos para colaborar con outros pobos. Chegou no 1967 ao Salvador primeiro, despois de estudar filosofía en Múnic e tamén en Comillas. Coa chegada a Guatemala en 1972 é onde Fernando sofre unha transformación sería, cando se insertou en comunidades marxinais, nas dos indíxenas do Quiché, para aí rematar a formación teolóxica. Ao atopar esa realidade tan discriminatoria, atopamos tamén a mellor facultade de teoloxía. Desenvolvimos toda esa parte que fala de sensibilización, de concienciación, pero tamén de organización.

E remataron collendo as armas. Por que?

Estivemos en organizacións campesiñas de certo impacto. Fernando dirixía unha escola de formación campesiña, que despois foi o Comité de Unidade Campesiña, e creouse unha organización bastante radical, que tiña reivindicacións con moito carácter político, todo baixo unha presión moi forte do réxime dos xenerais. Chegado un intre non había opcións políticas abertas e legais, o único camiño que nos quedou foi de xeito clandestino e collendo as armas. Foi a única opción da esquerda, pois os socialdemócratas e mesmo os demócratas cristiáns foron eliminados. Imaxínense os comunistas. Foi unha decisión dura, pero finalmente era a única coherente.

E como se organiza dende abaixo unha resistencia militar tan organizada?

Nos anos '60 a presenza dos EUA incrementouse. Houbo mozos oficiais do exército que nun intre negáronse a que Guatemala fora unha plataforma de lanzamento para invadir Cuba. Había fincas pres-tadas por finqueiros que servían de campos de entreno para deter a Revolución cubana. Eses oficiais mozos quixeron facer unha rebelión militar

que fracasou, de xeito que tiveron que fuxir cara as comunidades campesiñas, onde foron coñecendo a realidade. Sobreviviron coa solidariedade campesiña e logo empataron co Partido Comunista, cos estudantes, e de aí estruturouse a primeira guerrilla.

E o papel do pobo?

Ese que dicía foi o núcleo inicial. Logo dou lugar a unha guerrilla moi ligada ao pobo. A medida que a guerrilla se foi nutrido de novos suxeitos, como os cristiáns, os poboadores dos barrios, estudantes, etc. fóronse abrindo as reivindicacións, e radicalizándose os obxectivos. Ao principio non se reclamaba un socialismo clásico coma noutros lugares.

Cal era o papel de Fernando neses anos?

El tiña responsabilidades organizativas e educativas, promovendo o movemento social. Pero si chegou un intre onde el estivo alzado, promovendo a formación da estrutura das fronteiras, porque se vía que o militar xa hexemonizaba o tipo de loita para tentar chegar ao final da guerra. Chegou a ser membro da dirección nacional do Exército Guerrilleiro dos Pobres. Era un referente. A xente coñecía porque el coñecía moi ben a dinámica das comunidades e estudou as súas linguas. Era un líder especial, que asumiu sen dudar a vida guerrilleira, unha vida moi dura.

Intentades aclarar o final da súa vida?

De Fernando e de moita máis xente, queremos recuperar a memoria histórica. Chegamos a reconstruír bastante das últimas horas da vida de Fernando. Morreu nun enfrontamento con Patrullas de Auto-defensa Civil, que eran as que organizaba e armaba o exército. El e outros tres, nun traxecto dende a fronteira de México até o Quiché, onde estaba o seu campamento, foi emboscado. Non sabemos se caeu morto ou ferido e afogou no río San Xoán. Só se salvou un testigo, que foi quen dou a nova no Quiché. Despois chegamos a saber que houbo unha comunicación do exército de que aparecera alguén, que podía ser un estranxeiro, e que chamaran polas autoridades relixiosas para que foran alí a ver se o recoñecían. Supoñemos pois que esa persoa era Fernando, pero nunca soubemos onde levaron o cadáver.